

6. A preinscrición formalizarase no centro cívico no que se solicite o campamento e turno.
7. No caso de detectar preinscricións dun mesmo/a menor para centros diferentes, anularanse tódalas preinscricións.
8. No momento da preinscrición asignarase un número a cada solicitude que servirá para o sorteo.
9. Si a derradeira praza adxudicada corresponde a un neno/a cun irmán preinscrito/a correlativamente para un mesmo turno de campamento, ambos obterán a praza.
10. Os admitidos/as na lista de espera serán avisados/as telefónicamente, no caso de que se lles adxudique a praza.
11. Servizos Sociais reservase o 20% das prazas para persoas beneficiarias de programas sociais.
12. No caso de non formalizar o pago da cota nas datas e horarios establecidos, perderase o dereito a praza.
13. Unha vez realizada a inscrición non se terá dereito á devolución da cota agás por causas imputables ao prestador do servizo.
14. A non coincidencia dos datos facilitados na preinscrición e nos documentos entregados no momento da inscrición coa situación real do/a menor, suporá a perda inmediata da praza adxudicada e a conseguinte perda da cota abonada.
15. Ofertaranse un total de 15 prazas para menores con discapacidade en grado que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán cun educador de apoio para tarefas exclusivamente de carácter pedagóxico. Non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico sanitarias.
16. Os/as menores que soliciten praza por discapacidade non entrarán no sorteo do cupo xeral e viceversa.
17. Requírese un mínimo de participantes agrupados/as por idade para formar grupo. Se non se chegase a este mínimo esixido os solicitantes pasarán ao último lugar da lista de espera doutra sede.

## DATAS DO CAMPAMENTO.

21, 22, 23, 28, 29 e 30 de decembro; e 4 e 5 de xaneiro.

## HORARIO DE ACTIVIDADES.

De 10.00h a 13.30h.

Posibilidade de horario complementario (ver táboa):

De 9.00 a 10.00 h. e de 13.30 a 14.00 h.

## DIRIXIDO A...

Nados/as entre o 01/01/2003 e o 31/12/2011.

## COTA DE INSCRICIÓN.

12 €. Aboarase no momento da inscrición.

## TEMÁTICA.

### "O NADAL E AS SUAS TRADICIÓN"

### UN SURTIDO DE TRADICIÓN CON SABOR A NADAL

Desfrutaremos dun surtido navideño con sabor a tradición de diferentes países e lugares do mundo. Viaxaremos polo mundo da man da Xirafa Xiana (África), O Papagaio Parlanchín (América), O Elefante Dante (Asia), O Raposo Roque (Europa) e O Koala Lalo (Oceanía).

## NESTE CAMPAMENTO ADICARASE

## UNHA HORA DIARIA A

## PRÁCTICA DA LÍNGUA INGLESA.

# NADAL 2015



## INFORMACIÓN

REDE DE CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS

TELÉFONO DE INFORMACIÓN CIDADÁ 010

[www.serviciosociales.coruna.es](http://www.serviciosociales.coruna.es)

